

**ACTA DA SESIÓN NÚMERO 1 DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN
2024/C003/000002**

**OBRA “MELLORA DE VIAL EN VIALSUSO.PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS
MUNICIPAIS 2024-2025 AGADER**

LUGAR: Casa do concello

DATA: 10/07/2024

HORA DE COMEZO: 11:00

HORA DE REMATE: 11:15

ASISTENTES:

Presidente: Don Luis Lisardo Santos Ares, alcalde do Concello de Sobrado

Vogais:

- Dona María Ermitas Sánchez González, secretaria-interventora accidental do Concello de Sobrado, vogal titular
- Dona Ana Patricia Souto Lareo, arquitecta técnica municipal, vogal titular

Secretario: Arturo José Fernández Prado, administrativo

DELIBERACIÓNS E ACORDOS:

APERTURA DOS SOBRES B (Declaración responsable e referencias técnicas)

Segundo a información subministrada pola Plataforma de Contratos do Sector Público presentaron, dentro do prazo establecido no anuncio de licitación, ofertas os seguintes licitadores:

Rexistro de Entrada	NIF/CIF	Empresa
08/07/2024 17:45	B15360902	CANARGA S.L.
03/07/2024 19:52	B15289614	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.
08/07/2024 11:57	B32211716	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.
08/07/2024 17:06	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.

Procédese ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen a declaración responsable, formulada segundo do modelo recollido no anexo I do PCAP, e as referencias técnicas, co seguinte resultado:

Documentación administrativa	NIF/CIF	Empresa
Correcta	B15360902	CANARGA S.L.
Incompleta. Falta Declaración responsable	B15289614	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.
Incompleta. Falta Declaración responsable	B32211716	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.
Correcta	B15608193	OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.

Á vista de que a documentación presentada por dous dos licitadores é incompleta, a Mesa acorda requirir a Construcciones Leonardo Miguélez S.L e a Obras u Saneamientos Galicia S.L. para que presenten, no prazo de tres días, as correspondentes Declaracións responsables (Anexo II do PCAP)

Finalmente, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, que por parte da vogal e arquitecta técnica municipal, Ana Patricia Souto Lareo, se valoren as ofertas técnicas.

Sen mais asuntos que tratar o presidente levanta a sesión e eu redacto esta acta que asinan electronicamente todos os membros da mesa